



CONCERTO DE PRIMAVERA

*Mércores 20 de marzo
20.30 h*

*Pazo da Cultura de
Pontevedra*

Rúa de Alexandre Bóveda, s/n
36005 Pontevedra

2024

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

Programa

Abertura Tequexetélde

Simón Couceiro Riveira

Marcha do antigo Reino de Galiza

Arranxos: Suso Vaamonde

Coa participación da Aula Permanente de Música Tradicional do Campus de Pontevedra

Xota e muiñeira de Coruxedo

Orquestra Simón Couceiro Riveira

Coa participación da Aula Permanente de Música Tradicional do Campus de Pontevedra

Case un valse

Benxamín Otero

Muiñeira do salmón

Simón Couceiro Riveira

Coa participación da Aula Permanente de Música Tradicional do Campus de Pontevedra

Orquestra Xove de Pontevedra

A Orquestra Xove de Pontevedra naceu no ano 2017 co obxectivo de formar e ilusionar a xoves músicos de Galicia (entre os 14 e os 26 anos) e conseguir que se desenvolvan persoal e profesionalmente, formando parte dunha agrupación musical e cultural dende idade temperá ata adultos.

Baixo a dirección de Diego Javier Lorente López, a orquestra ambiciosa fomenta na nosa xuventude os valores musicais de igualdade, entrega, traballo, ilusión e pertenza a un grupo, para lograr formar un equipo sólido e en continuo crecemento.

Aula Permanente de Música Tradicional Galega do Campus de Pontevedra

A Aula iniciou a súa andaina no ano 2016 por iniciativa de membros da comunidade universitaria do Campus de Pontevedra con tres obxectivos: ofertar a posibilidade de iniciarse na interpretación dun instrumento tradicional; facilitar a continuidade no ensaio con este tipo de instrumentos ao alumnado que por razóns de estudos ten que deixar de facelo nos seus lugares de orixe, e acadar a creación dun grupo estable de instrumentos populares galegos na universidade.

Dirixida polo músico e gaiteiro Suso Vaamonde Manteiga, a Aula está formada por 46 compoñentes da contorna universitaria e non universitaria.

Diego Javier Lorente López

Director da Orquestra Xove de Pontevedra

Desenvolveu os seus estudos musicais na Unión Musical de Torre Pacheco (Murcia), na especialidade de clarinete, cos mestres Vicente Abad Herraiz e Antonio Tur Mari; no Conservatorio Superior Masotti (Murcia), cos profesores Juan Esteban Romero e José Miguel Rodilla, e na ESMUC de Barcelona, onde rematou os seus estudos de clarinete cos mestres Josep Fuster, Joan Enric Lluna e Lorenzo Copola.

Colaborou coa Orquestra Ciudad de Barcelona, Orquestra Sinfónica del Vallés, Orquestra del Principado de Asturias, Banda Municipal de Barcelona e Banda Municipal de Santiago de Compostela.

Entre 2007-2009 estudou dirección cos profesores Jan Cober e Felix Hauswich no ISEB de Trento, Italia.

1.º premio do concurso bandístico internacional Flicorno D'Oro de Riva del Garda, actualmente compaxina a dirección da Unión Musical de Meaño coa da Banda Municipal de Santiago de Compostela.

